



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**

D. Efrén Castro Caloto  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto  
D. Pablo Rivera Capón  
D. Iván Castro Díaz

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trinta e un de outubro de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona Iria Castro Fernández e os señores deputados don Miguel Fernández Méndez, don Xosé María Arias Fernández e don Carlos López López.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	<b>Fecha y Hora</b>	07/11/2024 14:18:38
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	<b>Página</b>	1/131



**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de outubro de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA RENOVACIÓN DA SALA 10 DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da renovación da Sala 10 do Museo Provincial de Lugo , consta no mesmo:


1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7UGLYLD77STLG4CFHVGYRBJ4.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7U4PSYDZ5OJW5S2L7FAVSSCY.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7UGLYLH4JI76U4YNMDCNRVEU.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7VUWTPFRMSXKH744NBKE3HAA.
5. Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7VUWTCFLRK5DV2SHUQKNSVOE.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación da contratación da renovación da Sala 10 do Museo Provincial de Lugo cunha duración de dez semanas, para a fabricación e preparación de todo o material, e un prazo máximo de dúas semanas para a subministración, instalación, retirada e modificación de todo o material obxecto deste contrato.

**2º.-** Aprobación do contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	2/131





contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e que permitan a contribuir a un servizo de calidade.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 62.306,00 € aos que hai que engadirlle 13.084,26€(21%) en concepto de IVE o que ascende a un total de 75.390,26 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### 3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TERMAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO LUGOTERMAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29 de outubro de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

#### *Antecedentes.*

- 1.- Programa de envellecemento activo LugoTermal aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión realizada o 30.08.2024.
- 2.- Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7U632LDMV23KEZTRIGEAKHII.
- 3.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7U632NLIXIJ2HTRUFCKA2XEI.
- 4.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7U632NLMGDV36SWVNMP4HEIY.
- 5.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7U4PTJHZU3HOZU77QKR3U6Q.
- 6.- Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7UYLR7LF53XWET4LQQIFXR6E.
- 7.- Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7UYALY3XRSVD7YSJEX4XRBOI.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	3/131



8.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7UYPDSHRJ7XGXL6Z5BCQK65Y.

9.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7UYPAZLLXPISUSC4YXH5RQGU.

10.- Acordo da Xunta de Goberno do 20 de setembro de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7U2TYJPRMZTTUZZSQH44MXBCU.

11.- Convite cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 23 de setembro de 2024.

12.- Acta da Mesa de Contratación do día 2 de outubro de 2024, con CSV IV7U3TRJLIV5XSMCQAAGIVSWKI , na que se recolle o seguinte:

(...) “Procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración de cumprimento de requisitos previos dos licitadores convidados a este procedemento e que presentaron oferta que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:


LOTES
LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES
LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO
LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE
LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS

Compróbase que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP. A Mesa de Contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre electrónico relativo aos criterios de adxudicación avaliados de forma automática-Fase 1, resultando o que se indica a continuación.

LOTES	OFERTA ECONÓMICA (IVE INCLUIDO)	CRITERIO 1 Técnicas con estancia	CRITERIO 2 Técnicas sen estancia	CRITERIO 3 Prazas sen estancia	CRITERIO 4 Toallas/albornoz
LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES	55.275,00 € (tipo de licitación)	Non oferta	Non oferta	Non oferta	TOALLAS
LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO	4.422,00 € (tipo de licitación)	5	10	Non oferta	Non oferta
LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE	6.633,00 € (tipo de licitación)	Non oferta	Non oferta	Non oferta	TOALLAS
LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS	55.275,00 € (tipo de licitación)	Non oferta	Non oferta	Non oferta	Non oferta

Procédese a dar conta das puntuacións totais en aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores nesta primeira fase do procedemento, co resultado seguinte:

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	4/131





LOTES	OFERTA ECONÓMICA (IVE INCLUIDO)	CRITERIO 1 Técnicas con estancia	CRITERIO 2 Técnicas sen estancia	CRITERIO 3 Prazas sen estancia	CRITERIO 4 Toallas/albornoz	PUNTUACIÓN
LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES	0	0	0	0	10	10
LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO	0	4	8	0	0	12
LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE	0	0	0	0	10	10
LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS	0	0	0	0	0	0

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos, á dirección que o contratista habilite a efectos de notificación preferentemente a través da plataforma de contratos do sector público.

Na rolda de negociación, os licitadores deberán presentar a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, a documentación obxecto de negociación.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 10:11 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.”.

13.- Acta da Mesa de contratación do día 8 de outubro de 2024, con CSV: IV7UE4AMHZ4CZOUMLAHBOUJVFY, na que se recolle o seguinte:

(...) “Tendo en conta que os licitadores presentaron a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da plataforma de contratación do sector público, procédese ao estudo das ofertas relativas á segunda fase, resultando o seguinte:

LOTES	CRITERIO Nº.1 % DE DESCONTO NOS SERVIZOS E PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS EN RELACIÓN COAS TARIFAS OFICIAIS DO ESTABLECEMENTO TERMAL	PUNTUACIÓN	CRITERIO Nº 2 % DE DESCONTO NAS ESTANCIAS E PRESTACIÓNS EN RELACIÓN COAS TARIFAS OFICIAIS DO ESTABLECEMENTO TERMAL	PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES	0%	0	0%	0	0
LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO	10%	4	20%	8	12
LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE	10%	4	10%	4	8
LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS	0%	0	0%	0	0

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	5/131



1º.- Outorga ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN FASE I	PUNTUACIÓN FASE II	PUNTUACIÓN TOTAL
LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES	10	0	10
LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO	12	12	24
LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE	10	8	18
LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS	0	0	0

2º.- Requerir a Madrid Airport Hoteles S.L., Balneario y Termas de Lugo S.L., Balneario de Rio Pambre, S.L. e Hotel Balneario Augas Santas, S.L., para que dentro do prazo de dez días hábiles, presenten a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas - sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADORES	IMPORTE GARANTÍA
LOTE 1 MADRID AIRPORT HOTELES	2.512,50 €
LOTE 2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO	201,00 €
LOTE 3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE	301,50 €
LOTE 4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS	2.512,50 €

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 10:11 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.  
(...)"

14. Resolución de Presidencia do 11 de outubro de 2024, con CSV: IV7UELDLGDWJVKJCABORORJW64, de clasificación e requirimento de documentación do artigo 150.

16. Requisitos de documentación, cursados a través da plataforma de contratación do sector público o día 14 de outubro de 2024.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	6/131





17. Documentación presentada polas empresas a través da plataforma de contratación do sector público e da sede electrónica da Deputación.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 29 de outubro de 2024, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que as licitadoras presentaron a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica da Deputación de Lugo, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Incorpóranse ao expediente, polo Servizo de Contratación, certificados da Recadación Provincial, cartas de pago das garantías depositadas, documentación acreditativa da solvencia técnica do lote 2 Balneario Termas de Lugo S.L. do expediente 2023/CON\_02/000065 e documentación acreditativa da solvencia económica do lote 3 Balneario Rio Pambre do expediente 2023/CON\_02/000065.

Emitíronse informes, polo Servizo de Benestar social, sobre a solvencia técnica de Madrid Airport Hoteles, S.L e Hotel Balneario Augas Santas S.L.


Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Madrid Airport Hotels S.L. a contratación do Lote 1 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugothermal, expediente 2024/CON\_02/000060, polo importe de 50.250,00 euros, aos que haberá que engadir 5.025,00 euros en concepto de IVE (10 %), o que ascende a un total de 55.275,00 euros. A empresa comprométese a facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.

2º.- Adxudicar á empresa Balneario y Termas de Lugo S.L. a contratación do Lote 2 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugothermal, expediente 2024/CON\_02/000060, polo importe de 4.020,00 euros, aos que haberá que engadir 402,00 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 4.422,00 euros. A empresa comprométese a incrementar en 5 o número de técnicas sobre as mínimas esixidas por participación no programa e persoa usuaria na modalidade de termalismo con estancia e en 10 o número de técnicas sobre as mínimas esixidas por participación no programa e persoa usuaria na modalidade de termalismo sen estancia. A empresa oferta unha porcentaxe de desconto do 10% a aplicar nas tarifas oficiais ás persoas usuarias por servizos ou prestacións complementarias e unha porcentaxe de desconto de 20% nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	7/131



3º.- Adjudicar á empresa Balneario do Río Pambre S.L. a contratación do Lote 3 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal, expediente 2024/CON\_02/000065, polo importe de 6.030,00 euros, aos que haberá que engadir 603,00 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 6.633,00 euros. A empresa comprométese a facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. A empresa oferta unha porcentaxe de desconto de 10% a aplicar nas tarifas oficiais ás persoas usuarias por servizos ou prestacións complementarias e unha porcentaxe de desconto de 10% nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.

4º.- Adjudicar á empresa Hotel Balneario Aguas Santas S.L., a contratación do Lote 4 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal, expediente 2024/CON\_02/000060, polo importe de 50.250,00 euros, aos que haberá que engadir 5.025,00 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 55.275,00 euros.

5º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adjudicación aos efectos oportunos. E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 10:58 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adjudicar á empresa Madrid Airport Hotels S.L. a contratación do Lote 1 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal, expediente 2024/CON\_02/000060, polo importe de 50.250,00 euros, aos que haberá que engadir 5.025,00 euros en concepto de IVE (10 %), o que ascende a un total de 55.275,00 euros. A empresa comprométese a facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia.

2º.- Adjudicar á empresa Balneario y Termas de Lugo S.L. a contratación do Lote 2 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal, expediente 2024/CON\_02/000060, polo importe de 4.020,00 euros, aos que haberá que engadir 402,00 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 4.422,00 euros. A empresa comprométese a incrementar en 5 o número de técnicas sobre as mínimas esixidas por participación no programa e persoa usuaria na modalidade de termalismo con estancia e en 10 o número de técnicas sobre as mínimas esixidas por participación no programa e persoa usuaria na modalidade de termalismo sen estancia. A empresa oferta unha porcentaxe de desconto do 10% a aplicar nas tarifas oficiais ás persoas usuarias por servizos ou prestacións complementarias e unha porcentaxe de desconto de 20% nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	8/131







3º.- Adjudicar á empresa Balneario do Río Pambre S.L. a contratación do Lote 3 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugothermal, expediente 2024/CON\_02/000060, polo importe de 6.030,00 euros, aos que haberá que engadir 603,00 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 6.633,00 euros. A empresa comprométese a facilitar toallas de balde ás persoas usuarias na modalidade sen estancia. A empresa oferta unha porcentaxe de desconto de 10% a aplicar nas tarifas oficiais ás persoas usuarias por servizos ou prestacións complementarias e unha porcentaxe de desconto de 10% nas estancias e prestacións en relación coas tarifas oficiais do establecemento termal.

4º.- Adjudicar á empresa Hotel Balneario Aguas Santas S.L., a contratación do Lote 4 da contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugothermal, expediente 2024/CON\_02/000060, polo importe de 50.250,00 euros, aos que haberá que engadir 5.025,00 euros en concepto de IVE (10%), o que ascende a un total de 55.275,00 euros.

5º.- A duración do contrato será desde o día seguinte a sinatura da acta de inicio ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato (data estimada 1 de decembro de 2024), ata o 30.11.2025, coa posibilidade de prorrogalo dúas anualidades máis sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda dos (3) anos. (1+1+1).

As prazas distribúense da seguinte maneira:


LOTE	BALNEARIO	PRAZAS TERMAIS CON ESTANCIA	PRAZAS TERMAIS SEN ESTANCIA
1	MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. B-88236633	500	150
2	BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. B-27295898	40	200
3	BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L. B- 27249598	60	150
4	HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L. B-27290717	500	150

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2024 e 2025 para a anualidade 2024 figura crédito dispoñible adecuado e suficiente no orzamento e para a anualidade 2025 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento 2025 a cantidade indicada na aplicación sinalada.

LOTE/EMPRESA	APLICACIÓN	IMPORTE 2024	IMPORTE 2025	IMPORTE TOTAL
LOTE 1.- Madrid Airport Hoteles, S.L. CIF: B8823633	2314.22799	8.844,00 €	46.431,00 €	55.275,00 €
LOTE 2.- Balneario y termas de Lugo, S.L. CIF: B27295898		2.211,00 €	2.211,00 €	4.422,00 €
LOTE 3.- Balneario Rio Pambre, S.L. CIF: B27249598		3.316,50 €	3.316,50 €	6.633,00 €
LOTE 4.- Hotel Balneario Aguas Santas S.L. CIF: B27290717		8.844,00 €	46.431,00 €	55.275,00 €
TOTAL		23.215,50 €	98.389,50 €	121.605,00 €

6º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	9/131



da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

7º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

8º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### 4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICADO DE INVESTIMENTO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.

*Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lourenzá, solicitando modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lourenzá no que solicita a modificación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:


1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/03/2023, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LOURENZÁ	137	ADQUISICIÓN DE CONTENEDORES RECOLLIDA SELECTIVA	0,00€	18.958,67€	18.958,67€

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	10/131





4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III.

5. A Alcaldía do Concello de Lourenzá a través de escrito de data 24/10/2024 solicita:  
a) A modificación/ substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, concretamente o investimento nº 137, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... proceso de licitación resultou vacante non presentándose ningunha oferta, e non hai marxe de tempo suficiente para sacar nova licitación...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LOURENZÁ	137	SUMINISTRO DE CONTENEDORES, CUBOS, PAPELEIRAS E SUXEITACONTENEDORES	0,00€	17.496,60€	17.496,60€

6. A base 14, indica que “se por circunstancia sobrevida e/ ou motivos xustificadas, o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no PUC, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/ substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.


O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2023, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello de Lourenzá que se sinala, quedando incluído no Plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	11/131



A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lourenzá, e en consecuencia, aprobar a modificación/ substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
LOURENZÁ	137	SUMINISTRO DE CONTENEDORES, CUBOS, PAPELEIRAS E SUXEITACONTENEDORES	0,00€	17.496,60€	17.496,60€

**2º.-** Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

**3º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.**

*1º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Oourol para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Apertura de vial e pavimentación de beirarrúas no entorno da Casa do Concello en Oourol”, anos 2024 e 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Asunto: informe favorable.


“Visto o escrito remitido dende o Concello de Oourol (EXP- 2024/PES\_03/019903) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Oourol para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Apertura de vial e pavimentación de beirarrúas no entorno da Casa do Concello en Oourol”, anos 2024 e 2025, por importe total de 178.397,62 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo: dos que 100.000,00 € son con cargo ao orzamento do ano 2024 e 78.397,62 € son con cargo ao orzamento do ano 2025) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

*Consideracións xurídico administrativas.*

*Lexislación de réxime local.*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	12/131





Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden."

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	13/131



mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

#### *Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.*

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1. a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	14/131





organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumplimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	15/131



de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico- financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público- público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico- administrativo a tomar como referencia.


#### Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	102/131





Media a vontade de ambas partes (concorrenca de interese común).  
Os novos prazos non exceden da metade dos prazos previstos.  
Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros  
E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Monforte de Lemos nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na “Mellora do entorno da Pinguela e honorarios técnicos da redacción do proxecto e da dirección de obra” ano 2023 cuxa addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na “Mellora do entorno da Pinguela e honorarios técnicos da redacción do proxecto e da dirección de obra” ano 2023.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en rúa San Marcos 8, 27001 Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E, doutra parte, D<sup>a</sup>. Gloria María Prada Rodríguez, Primeira Tenente Alcalde, do Concello de Monforte de Lemos con NIF P2703100D e sede social en Praza Campo de San Antonio, 27400, Monforte de Lemos, que actuando en nome e representación da citada entidade segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.


Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 17 de novembro de 2023, acordou, por unanimidade dos asistentes, aprobar o texto do convenio

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	103/131



interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar na “mellora do entorno da Pinguela e honorarios técnicos da redacción do proxecto e da dirección de obra” ano 2023, por importe total de 223.715,10 € (dos que os 220.000,00€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 3.715,10 € serán financiados polo Concello de Monforte de Lemos) e aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 220.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2023.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos para cooperar na “mellora do entorno da Pinguela e honorarios técnicos da redacción do proxecto e da dirección de obra” ano 2023 formalizouse o 27 de novembro de 2023.

Terceiro.- Dende o concello de Monforte de Lemos remitiuse, o 22 de outubro de 2024 (2024RT018108), decreto no que literalmente se establece o seguinte:

“O 24.06.2024 asinouse acta de replanteo e iniciouse a obra, en agosto o contratista solicitou prórroga na execución por problema na recepción dos materiais (datas estivais), e posteriormente en setembro volveuse repetir polo mesmo motivo.

En todo caso, e vistas as circunstancias anteriores, produciuse un retraso na execución que probablemente imposibilite a finalización da obra en prazo para a xustificación dos gastos segundo o previsto no convenio.

Polo exposto, faise necesario solicitar unha prórroga tanto no prazo de execución como no de xustificación previstos no convenio.”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

#### Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula terceira -Obrigas e compromisos das partes - e a cláusula cuarta -Réxime económico- do convenio formalizado o 27 de novembro de 2023 que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (220.000,00€)
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	104/131







Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Monforte de Lemos:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Monforte de Lemos, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 3.715,10 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución..
2. Asumir a coordinación da seguridade e saúde.
3. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
4. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
5. O prazo de execución abarca ata o 30 de novembro de 2024.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
7. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“A) Achegas:

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 220.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Monforte de Lemos aportará para a execución do convenio o financiamento de 3.715,10 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Monforte de Lemos.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo para que dende o concello de Monforte de Lemos se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de novembro de 2024 .

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	105/131



Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.
2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.


Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente."

2º.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 27 de novembro de 2023, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe."

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	106/131





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*8º.- Proposta relativa á modificación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Fomento do asociacionismo, acción social e gastos correntes" ano 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"Asunto: informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2024/PES\_03/020847) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emíttese o seguinte informe,

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 21 de xuño de 2024, acordou, por unanimidade dos asistentes,aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Fomento do asociacionismo, acción social e gastos correntes" ano 2024 por importe total de 1.125.000,00 € (dos que os 350.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 775.000,00€ serán financiados polo Concello de Viveiro) e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 350.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.46200 do orzamento xeral do ano 2024.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "fomento do asociacionismo, acción social e gastos correntes" ano 2024, formalizouse o 28 de xuño de 2024.


Terceiro.- A alcaldesa do Concello de Viveiro remitiu, o 25 de outubro de 2024 (2024RT018407), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

"Visto o estado de execución das actuacións contempladas no convenio e dado que é preciso ter aprobadas as contas xustificativas antes de final do exercicio, ante a dificultade de que estean presentadas por motivos axenos a nosa entidade,

Solicito,

A firma dunha addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar non financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Gastos correntes" ano 2024.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	107/131



Esta addenda ao Convenio ten por obxecto establecer as actuacións para a prestación de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

ALUMEADO PUBLICO	145,198,16€
LIMPEZA VIARIA	283,843,43€
TOTAL ORZAMENTO	429.041,59€

CADRO DE FINANCIAMENTO	
FINANCIAMENTO	IMPORTE
Fondos propios	79.041,59 €
TOTAL CONCELLO .....	79.041,59 €
Aportación da Excm. Deputación Provincial de Lugo	
ALUMEADO PÚBLICO .....	100.000,00 €
LIMPEZA VIARIA .....	250.000,00 €.
TOTAL DEPUTACIÓN .....	350.000,00 €
Aportación doutras entidades publicas ou privadas	0
Outras fontes de financiamento	0
SUMA (CUSTO TOTAL)	429.041,59€

*Consideracións xurídico- administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula Sexta.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”.

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

*Conclusións.*

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	108/131





E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada pola representante do Concello de Viveiro nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Fomento do asociacionismo, acción social e gastos correntes” ano 2024 cuxa addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Fomento do asociacionismo, acción social e gastos correntes” ano 2024.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona María Loureiro García, alcaldesa do Concello de Viveiro, con NIF P2706700H e sede social na Praza Maior, 1, CP 27850, Viveiro, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 21 de xuño de 2024, acordou, por unanimidade dos asistentes,aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Fomento do asociacionismo, acción social e gastos correntes” ano 2024 por importe total de 1.125.000,00 € (dos que os 350.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 775.000,00€ serán

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	109/131



financiados polo Concello de Viveiro) e o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 350.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.46200 do orzamento xeral do ano 2024.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Fomento do asociacionismo, acción social e gastos correntes” ano 2024, formalizouse o 28 de xuño de 2024.

Terceiro.- A alcaldesa do Concello de Viveiro remitiu, o 25 de outubro de 2024 (2024RT018407), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o estado de execución das actuacións contempladas no convenio e dado que é preciso ter aprobadas as contas xustificativas antes de final do exercicio, ante a dificultade de que estean presentadas por motivos axenos a nosa entidade,

Solicito,

A firma dunha addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para cooperar non financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “ Gastos correntes” ano 2024.

Esta addenda ao Convenio ten por obxecto establecer as actuacións para a prestación de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

ALUMEADO PUBLICO	145,198,16€
LIMPEZA VIARIA	283,843,43€
TOTAL ORZAMENTO	429.041,59€

CADRO DE FINANCIAMENTO	
FINANCIAMENTO	IMPORTE
Fondos propios	79.041,59 €
TOTAL CONCELLO .....	79.041,59 €
Aportación da Excm. Deputación Provincial de Lugo	
ALUMEADO PÚBLICO .....	100.000,00 €
LIMPEZA VIARIA .....	250.000,00 €.
TOTAL DEPUTACIÓN .....	350.000,00 €
Aportación doutras entidades publicas ou privadas	0
Outras fontes de financiamento	0
SUMA (CUSTO TOTAL)	429.041,59€”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula primeira -obxecto- e a cláusula quinta -Réxime económico- do convenio formalizado o 28 de xuño de 2024 que quedarán redactadas no seguinte senso:

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	110/131





Cláusula Primeira.- Obxecto.

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación GASTOS CORRENTES	CUSTE TOTAL (IVE engadido)
Limpeza viaria	145,198,16€
Alumeado público	283,843,43€
CUSTE TOTAL	429.041,59 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
350.000,00 €	79.041,59 €
TOTAL: 429.041,59€	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.”

Cláusula Quinta.- Réxime económico.

“A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

1. A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 350.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello:

O Concello de Viveiro financiará 79,041,59 € e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.


B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será das asociacións de veciños do concello de Viveiro.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Viveiro se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 30 de setembro de 2025 Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	111/131



A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

- a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
- b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
- e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:

Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 28 de xuño de 2024, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	112/131







A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9ª.- *Proposta de aprobación do texto refundido do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU anos 2024-2026.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Orixe: Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento.

Asunto: informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP 2024/XEN\_01/003214) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emíttese o seguinte informe:

*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 9 de agosto de 2024, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro.- A aprobación do borrador do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o concello de Viveiro para a execución da actuación "melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola unión europea – NextGenerationEU anos 2024-2026 por importe total de 984.697,47€ remitido dende a Augas de Galicia (código de verificación IV7URTK7LF6NTTM7YBFD5KD5Y)“.

(...)

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 192.348,73 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio dos que 2.217,34 € son financiados con cargo á anualidade 2024 na aplicación orzamentaria 1720.753.


Terceiro: Adquirir o compromiso de incluír:

No orzamento do ano 2025 a contía de 95.065,69 €

No orzamento do ano 2026 a contía de 95.065,70 €

tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	113/131



Segundo.- Dende a Dirección de Augas de Galicia remitiuse, por correo electrónico, un novo borrador do texto do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o concello de Viveiro para a execución da actuación "melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial es014-lu-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola unión europea – NextGenerationEU anos 2024-2026 onde se recollen certos cambios respecto ao aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 9 de agosto de 2024, o que fai necesario a aprobación dun texto refundido do convenio de referencia.

*Consideracións Xurídico- administrativas.*

O órgano competente para a aprobación do texto refundido do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o concello de Viveiro para a execución da actuación "Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola unión europea – NextGenerationEU anos 2024-2026 é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

*Conclusións.*

En base ao anteriormente exposto informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde aprobar o texto refundido do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o concello de Viveiro para a execución da actuación "melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola unión europea–NextGenerationEU anos 2024-2026 remitido dende a Dirección de augas de Galicia e que consta incorporado ao expediente."

Por todo o exposto no devandito informe e tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o texto refundido do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia –financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU anos 2024-2026 remitido dende a Dirección de augas de Galicia e cuxo contido é o seguinte:

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	<b>Fecha y Hora</b>	07/11/2024 14:18:38
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	<b>Página</b>	114/131





*Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)", no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.*

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, nomeado en Pleno extraordinario o 18.07.2019, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, María Loureiro García, alcaldesa do concello de Viveiro, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. As partes actúan en nome e representación das entidades que presiden, recoñecendo mutuamente plena capacidade para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto,

*Expoñen.*

Primeiro.- A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos, e correspóndenlle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Segundo.- O Concello de Viveiro ten atribuída, entre outras, a competencia de medio ambiente, regulada no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 80.2.f) da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia que atribúe aos concellos competencias medioambientais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	115/131



Terceiro.- Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, no seu artigo 36, como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, no seu artigo 109, establecen como competencias propias das Deputacións Provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios integrantes das mesmas. No exercicio de tales competencias de asistencia económica ao Concello de Viveiro, a Deputación Provincial de Lugo está disposta a cofinanciar as actuacións obxecto deste convenio.

Cuarto.- O artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e o artigo 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Quinto.- En cumprimento do establecido no Real Decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, que traspón á lexislación española a Directiva 2007/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, Augas de Galicia redacta, e revisa cada seis anos, a avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI) da demarcación hidrográfica Galicia Costa, en colaboración coas autoridades de Protección Civil, a Administración xeral do Estado e outros órganos competentes da comunidade autónoma e da Administración local.

O proceso de planificación, unha vez declarada unha zona como área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI), leva consigo o posterior desenvolvemento de mapas de perigosidade e risco de inundación, para a súa incorporación ao plan de xestión de riscos de inundación da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, no que se determinan as medidas a realizar por cada unha das autoridades competentes de cara a minimizar os efectos negativos das enchentes. Nas ARPSIS con maior risco, recollese a necesidade de redactar un Plan Específico de Xestión do Risco de Inundación, no que se traballa a nivel de detalle na propia Área con Risco Potencial Significativo de Inundación para tratar de minimizar os riscos concretos da ARPSI, incrementar a calidade ambiental das contornas fluviais e recuperar a condición dos ríos como hábitats naturais, abordando todas as tipoloxías de medidas a adoitar por parte de cada unha das autoridades competentes.

No plan de xestión específico realizado na ARPSI do río Fontecova, situado en Viveiro, Augas de Galicia contemplou varias opcións para realizar actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado a dita ARPSI. E co obxecto de redactar e financiar o proxecto que sirva de base para executar as actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado á area de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Fontecova, situado en Viveiro, considerando a alternativa seleccionada polo Concello, Augas de Galicia, o Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo formalizaron un convenio de colaboración o 8.7.2020.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	<b>Fecha y Hora</b>	07/11/2024 14:18:38
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	<b>Página</b>	116/131





Sexto.- Unha vez aprobado o “Proxecto construtivo de melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI Fluvial ES01-LU-170101. Río Fontecova. Viveiro Lugo”, as partes queren colaborar para executar as actuacións descritas no proxecto que permitan minimizar o risco asociado á area de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Fontecova.

Sétimo.- No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, e concretamente dentro da Política Panca II “Infraestruturas e ecosistemas resilientes”, Compoñente 5 “Preservación do litoral e recursos hídricos” e investimento N<sup>o</sup>2 “Seguimento e restauración dos ecosistemas fluviais, recuperación de acuíferos e mitigación do risco de inundación” o PRTR establece como fito a acadar o fito 77, que insta a restaurar polo menos, 200 quilómetros de cauces e ribeiras e a protexer a 40.000 habitantes do risco de inundación en España.

Por todo o exposto, e tendo en conta os beneficios que se derivan tanto para os habitantes da zona como para o entorno natural, as partes acordan, outorgar o este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

*Cláusulas.*

**Primeira.- Obxecto.**

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro que permitan acometer as obras consistentes nas “Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI Fluvial ES01-LU-170101. Río Fontecova. Viveiro (Lugo)”, e a súa conservación e mantemento nos termos establecidos nas cláusulas seguintes

**Segunda.- Obrigas xerais de Augas de Galicia.**

Para o cumprimento do obxecto deste convenio e no ámbito das súas competencias e facultades, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na aprobación definitiva do proxecto contratación da execución, dirección das obras e labores de coordinación de seguridade e saúde na fase de construción, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos.

As actuacións expresadas abarcarán, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción.

2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde durante a execución das obras asumindo as responsabilidades que correspondan en materia de coordinación, impulso, organización e control da aplicación efectiva dos principios xerais de prevención de riscos laborais no marco da execución da actuación de mellora e, no seu caso, das súas modificacións.

3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	<b>Fecha y Hora</b>	07/11/2024 14:18:38
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	<b>Página</b>	117/131



manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade con disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.

4. Asumir as obrigas económicas que se deriven do presente convenio de acordo co establecido na cláusula sexta.

5. Augas de Galicia conservará a documentación xustificativa de aplicación dos fondos recibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación, este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros; de conformidade co estipulado no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241.

6. Augas de Galicia, a efectos de auditoría e control e para dispoñer de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, recadará e asegurará o acceso ás seguintes categorías harmonizadas dos datos seguintes:

a) O nome do perceptor final dos fondos.

b) O nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador.

c) Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello.

d) Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión.

7. Cumprimentar e asinar a declaración responsables recollida no Anexo IV. C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, relativa ao cumprimento dos principios transversais en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia.

8. Respetar e velar polo cumprimento dos termos da presente colaboración, procurar resolver de mutuo acordo, conforme aos principios de boa fe e lealdade, cantas controversias ou dificultades poidan xurdir no seu cumprimento tendo como único criterio da súa xestión o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

Terceira.- Obrigas xerais do Concello de Viveiro.

Para o cumprimento do obxecto deste convenio o Concello de Viveiro, no ámbito das súas competencias e facultades, obrígase a:

1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	118/131





produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.

2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

3. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta poderá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.

4. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

5. Asumir as obrigas económicas que se deriven do presente convenio de acordo co establecido na cláusula sexta.

6. Cumprimentar e asinar as declaracións responsables recollidas no Anexo IV. B e C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, relativas a cesión de datos e de cumprimento dos principios transversais en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia.

7. O Concello de Viveiro conservará a documentación xustificativa de aplicación dos fondos recibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación, este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros; de conformidade co estipulado no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241.

8. Recibir as obras que pola súa natureza sexan susceptibles de tal recepción, e asumir o seu mantemento e conservación.

9. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

10. Respectar e velar polo cumprimento dos termos da presente colaboración, procurar resolver de mutuo acordo, conforme aos principios de boa fe e lealdade, cantas controversias ou dificultades poidan xurdir no seu cumprimento tendo como único criterio da súa xestión o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	119/131



Cuarta.- Obrigas xerais da Deputación Provincial de Lugo.

Para o cumprimento do obxecto deste convenio a Deputación Provincial de Lugo, no ámbito das súas competencias e facultades, obrígase a:

1. Asumir as obrigas económicas que se deriven do presente convenio de acordo co establecido na cláusula sexta.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ás partes.
3. Autorizar, de ser o caso, dentro das competencias da Deputación Provincial, os permisos, as licencias e as autorizacións necesarias para a execución das actuacións.
4. Cumprimentar e asinar as declaracións responsables recollidas no Anexo IV. B e C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, relativas a cesión de datos e de cumprimento dos principios transversais en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia.
5. A Deputación de Lugo conservará a documentación xustificativa de aplicación dos fondos recibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación, este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros; de conformidade co estipulado no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241.
6. Respetar e velar polo cumprimento dos termos da presente colaboración, procurar resolver de mutuo acordo, conforme aos principios de boa fe e lealdade, cantas controversias ou dificultades poidan xurdir no seu cumprimento tendo como único criterio da súa xestión o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

Quinta.- Obrigas en relación a proxectos modificados e complementarios.

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto ou realizar un proxecto complementario, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.

As entidades locais deberán remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estes proxectos, as partes acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido para o proxecto primitivo nas cláusulas segunda, terceira e cuarta deste convenio.

Sexta.- Réxime de financiamento e obrigas de carácter económico.

1. O custo total estimado para a contratación das actuacións contempladas neste convenio ascenden a novecentos oitenta e catro mil seiscientos noventa e sete euros con corenta e sete céntimos (984.697,47 €), distribuídos do seguinte xeito entre as partes asinantes:

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	120/131







	AUGAS DE GALICIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE VIVEIRO	IMPORTE
2024	0,00	2.217,34	2.217,34	4.434,68
2025	550.484,80	95.065,69	95.065,70	740.616,19
2026	49.515,20	95.065,70	95.065,70	239.646,60
	600.000,00	192.348,73	192.348,74	984.697,47

2. Para o financiamento da súa achega Augas de Galicia prevé dispoñer de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

O citado crédito provén do Acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente do 20 de xuño de 2022 na que se estableceron os criterios de reparto e distribución territorial de créditos xestionados polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco da Compoñente 5 "Preservación do espazo litoral e dos recursos hídricos" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para o exercicio orzamentario 2022, por un importe total de 174.500.000 euros, destinados a financiar o plan de actuacións de protección e adaptación ao risco de inundación e integración ambiental en núcleos urbanos, así como á primeira fase do reparto de fondos en Conferencia Sectorial ás comunidades autónomas do PERTE de dixitalización do ciclo da Auga.


As partes asinantes obríganse a someterse ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás comprobacións da Comisión Europea, da Fiscalía Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas da Unión Europea, e aos controis derivados do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, que se realicen a través de autoridades nacionais ou europeas, facilitando canta información e documentación lles sexa requirida.

As actuacións que se executen e se financien ao abeiro do citado Acordo en Conferencia Sectorial do 20 de xuño de 2022, deben contribuír á consecución do fito 77 "Restauración das proteccións de cauces e ribeiras contra os riscos de inundación", establecido no PRTR para o Investimento 2 da compoñente 5. Especificamente, establécese que deberá alcanzarse un valor de, ao menos, 200 quilómetros de cauces e ribeiras e protexer a 40.000 habitantes de risco de inundación en España e inclúese un obxectivo cuantitativo individualizado mínimo a acadar para cada comunidade autónoma. Galicia debe contribuír a este obxectivo cunha poboación beneficiada mínima de 100 habitantes e unha lonxitude mínima de cauce restaurado dun quilómetro.

O financiamento aportado por estas axudas non é compatible co financiamento por outros fondos estruturais da Unión Europea. En todo caso, para respectar o principio de dobre financiamento que establece o artigo 188 do Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, os investimentos financiados con fondos MRR son incompatibles con calquera outra fonte de financiamento europea para os mesmos resultados.

3. Para o financiamento deste convenio, a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Viveiro achegaron a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	121/131



disposición de crédito adecuado e suficiente conforme ás anualidades establecidas na cláusula Sexta.1. Así mesmo, unha vez asinado o convenio e como requisito previo á licitación do contrato de obra, as entidades locais achegarán a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súas achegas económicas, de 192.348,73 € a Deputación e de 192.348,74 € o Concello.

4. Augas de Galicia financiará con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia - Financiado pola Unión Europea -NextGenerationEU, a súa achega de 600.000,00 € prevista na cláusula Sexta.1. O custo final das actuacións que sobrepasen ese importe será cofinanciado ao 50% polo concello de Viveiro e a Deputación de Lugo.

As variacións económicas á baixa e á alza, pola adxudicación do contrato de obra e dos contratos asociados á execución da obra (asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde, e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución), por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público serán asumidas pola Deputación Provincial de Lugo e polo Concello de Viveiro (50% a Deputación e 50% o Concello).

5. O Concello e a Deputación aboarán a súa achega na conta que Augas de Galicia indique ao efecto, do seguinte xeito:

A cantidade correspondente a anualidade 2024, estipulada na cláusula 6.1, a aboarán no prazo máximo dun mes dende a recepción da comunicación realizada por Augas de Galicia da adxudicación das obras obxecto do convenio.

A cantidade correspondente a anualidade 2025, estipulada na cláusula 6.1, a aboarán no primeiro trimestre do exercicio, sen necesidade de requirimento previo de Augas de Galicia.

A cantidade correspondente a anualidade 2026, estipulada na cláusula 6.1, a aboarán no primeiro trimestre do exercicio, sen necesidade de requirimento previo de Augas de Galicia.

Augas de Galicia remitirá ás entidades locais a xustificación do investimento efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento e o certificado do gasto non elixible executado.

No caso de impago, remitirase o importe íntegro da débeda, de conformidade co establecido nos artigos 61 e seguintes da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao Concello lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta.

Sétima.- Titularidade e entrega das obras.

A titularidade das actuacións executadas que, pola súa natureza, non formen parte do dominio público hidráulico será do Concello de Viveiro.

Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do Concello de Viveiro que asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	122/131





deste convenio e da normativa de aplicación en canto ao seu mantemento e conservación.

Oitava.- Comisión de seguimento.

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por seis representantes, dous designados por cada unha das partes intervinientes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste convenio.

No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o seguimento do cumprimento deste convenio.

Novena.- Vixencia do convenio.

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2026. Porén, rematada a súa vixencia, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan pendentes de cumprimento as obrigas establecidas no convenio para cada unha das partes.

Décima.- Modificación do convenio.

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre as partes intervinientes e tramitarse a través dunha addenda ao convenio. Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas do crédito en principio determinado para cada unha delas, sempre que non se incremente o seu importe global, previa formalización de acordo entre as partes que recolla a conformidade no novo reparto de anualidades.

Undécima.- Extinción do convenio.

1. Será causa de extinción automática do convenio:


- a) o cumprimento do seu obxecto
- b) o transcurso do seu prazo de vixencia sen prexuízo do disposto na cláusula novena sobre a continuidade dos seus efectos en tanto se manteñan pendentes de cumprimento calquera das obrigas establecidas neste convenio.

2. O convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- a) Incumplimento do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.

A extinción do convenio por esta causa, tras o procedemento contradictorio regulado no artigo 51.2 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	123/131



público, levará consigo o pagamento dunha indemnización ás outras partes polos prexuízos causados.

b) O mutuo acordo

c) A entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias cuxa aplicación determine a súa extinción sempre que non se acorde, de proceder, unha modificación do convenio nos termos establecidos na cláusula décima.

d) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.

e) A inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos b) c) d) e e) anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.


Duodécima.- Natureza.

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, sendo a xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir a contencioso-administrativa.

Décimo terceira.- Normativa europea de aplicación.

Ao estar as actuacións incluídas no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dentro do Compoñente 5 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), están suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos fixados no devandito Plan. Estarán sometidas á plena aplicación dos mecanismos de xestión e control que se establezan para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE e á normativa da Unión Europea aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como as específicas relativas á información e publicidade, verificación e demais impostas pola normativa da Unión Europea, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento. Concretamente, resulta de aplicación o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Orde HFP/1030/2021 do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas das compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Real Decreto Lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a Modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	124/131





Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo quinta.- Publicidade.

A sinatura deste convenio implicará o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten neste instrumento e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Este convenio está financiado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU e, polo tanto, os beneficiarios deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. De acordo co disposto no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 o beneficiario fará mención da orixe desta financiación e velará por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión Europea e unha declaración de financiación adecuada que indique «financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU», en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Décimo sexta.- Medidas antifraude.

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

[https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document\\_library/get\\_file?file\\_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto\\_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf](https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf).

2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	125/131



Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) ([https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl\\_ES](https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES)). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

4. Ao tratarse dun convenio con beneficiario determinado xa coñecido aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021.


Non obstante, os procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Os pregos de contratación e a normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor: Análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos de contratación/subvención que executan o PRTR.

O presente procedemento de contratación/subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano competente para a contratación (ou o órgano competente para a concesión da subvención) poderá solicitar aos licitadores (ou solicitantes da axuda) a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de contratación (ou de concesión da subvención) no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do licitador (ou solicitante da axuda),

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	126/131





os titulares reais recuperados polo órgano competente para a contratación (ou polo órgano competente para a concesión da subvención)”.

Décimo sétima.- Principio de non causar dano significativo.

De acordo co disposto no artigo 5 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o Mecanismo só apoiará aquelas medidas que respecten o principio de «non causar un prexuízo significativo» (principio “do non significant harm” - DNSH). A execución do MRR exige o compromiso no cumprimento do principio horizontal de “non causar prexuízo significativo” que establece o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento 2019/2088 de taxonomía da UE.

Na execución das actuacións garantirase que polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo aos materiais de orixe natural referidos na categoría 17 05 04 da Lista Europea de Residuos establecida pola Decisión 2000/532/CE) xerados nas obras de construción reutilizarase, reciclará ou recuperará, incluíndo actuacións de recheo con residuos en substitución doutros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de Xestión de Residuos de Construción e Demolición da UE. Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos de construción e demolición, de acordo con o Protocolo de Xestión de Residuos de Construción e Demolición da UE, contemplando as mellores técnicas dispoñibles e empregando demolicións selectivas que permitan separar e manipular de forma segura as substancias perigosas e que faciliten a reutilización e reciclado de alta calidade mediante a separación selectiva dos materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para os residuos de construción e demolición. O proxecto e as técnicas de construción serán compatibles coa circularidade e mostrarán, con referencia á ISO 20887 ou outras normas de avaliación da adaptabilidade das construcións, como se deseñaron para ser máis eficientes cos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

Décimo oitava.- Contribución á transición ecolóxica e dixital.

En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada compoñente) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro. As actuacións obxecto deste convenio forman parte da compoñente nº5, que contribúe á transición ecolóxica nun 47,6% e á transición dixital nun 36,5%, tal e como se establece no PRTR.

Dado que os investimentos obxecto do presente Acordo enmárcanse na submedida C5.I2b do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, as actuacións para realizar corresponderanse co campo de intervención 035 – “Medidas de adaptación ao cambio climático e prevención e xestión de riscos relacionados co clima: inundacións (incluídas as accións de sensibilización, a protección civil, os sistemas e

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	127/131



infraestructuras de xestión de catástrofes e os enfoques ecosistémicos)” do Anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes de xeito electrónico o presente documento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME TÉCNICO TITULADO “PLAN DE XESTIÓN DO ARBORADO DO PAZO DE SAN MARCOS, MUSEO PROVINCIAL E FOGAR DE SANTA MARÍA”.**

Logo de ver a proposta do señor deputado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Considerando que, no marco das competencias establecidas a Área de Medio Ambiente desta Deputación Provincial, encóntrase o mantemento dos espazos verdes de titularidade provincial, expónse que:

Durante a realización dos traballos vinculados a este mantemento foron detectadas unha serie de deficiencias nalgunhas das árbores situadas nas zonas verde próximas aos edificios administrativos da Deputación Provincial de Lugo, nomeadamente, Pazo de San Marcos, Complexo do Fogar de Santa María e Museo Provincial.


Tamén se ten en consideración a solicitude presentada por D. José López Méndez en decembro do 2023 vía sede electrónica, recollida no expediente 2023/PES\_03/026767, con CSV IV7WGWJNYBOLTKVO2HUAIX2WIY. O mesmo cidadán reiterou a súa solicitude en febreiro do 2024, expediente 2024/PES\_03/003773, con CSV IV7WGWJNYBOLTKVO2HUAIX2WI.

Considerando o anterior, a área de Medio Ambiente comezou a elaborar un documento para a correcta xestión das árbores necesitadas dalgún tipo de mantemento, en especial das de gran porte, susceptibles de supor algún tipo de risco sobre as persoas e os bens materiais existentes nas áreas verdes anexas aos edificios administrativos da Deputación de Lugo na cidade de Lugo.

Visto o informe técnico do Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo, de CSV IV7UED2PHT4PTSP3WVA543STAY, relativo á aprobación do documento técnico titulado “Plan de Xestión do arborado do Pazo de San Marcos, Museo Provincial e Fogar de Santa María”.

De igual xeito, este plan materializarase -en cada caso- de acordo co procedemento legalmente establecido e segundo corresponda, sendo o orzamento total para a súa

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	128/131







materialización de 17.908,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria ... e, desgregados do seguinte xeito:

ACTUACIÓNS RECOMENDADAS EN BASE AO "PLAN DE XESTIÓN DO ARBORADO DO PAZO DE SAN MARCOS, MUSEO PROVINCIAL E FOGAR DE SANTA MARÍA"				
ANUALIDADE 2025				
PRIORIDADE	DESCRICIÓN	UNIDADES	PREZO UD (€)	PREZO TOTAL(€)
URXENTE E ALTA	-Tala controlada das árbores nº 4, 13 e 14 do Fogar de Santa María. -Tala controlada das árbores nº 1*, 2*, 4* e 10 do Museo Provincial. *Á árbore 1 é unha nogueira situada no claustro, que será talada por informe da dirección alegando danos no patrimonio. *As árbores 2 e 4 son 2 chopos que se talarán debido á presenza de fungos no solo que provocaron a caída da árbore 3.	1,00	3.800,00	3.800,00
ALTA	-Poda de saneamento e seguridade, e análise instrumental no Ilex nº 12 do Museo. -Poda de saneamento e seguridade, colocación de ancoraxe e análise instrumental da árbore nº 9 do Pazo de San Marcos. -Poda de saneamento e seguridade e colocación de ancoraxe na árbore nº 10 do Pazo de San Marcos. -Colocación de ancoraxe dinámica e instalación de testemuña de inclinación na árbore nº 15 do Pazo de San Marcos. -Poda de saneamento e seguridade, colocación de ancoraxe e instalación de testemuña de inclinación no cedro nº 16 do Pazo de San Marcos.	1,00	2.700,00	2.700,00
ALTA E MEDIA	- Poda de seguridade e redución nas árbores nº 2, 3, 8, 9, 10 y 11 do Fogar de Santa María. -Poda de saneamento e seguridade nas árbores nº 1 e 5 do Fogar de Santa María, nas árbores nº 11 e 13 do Museo, e nas árbores nº 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 11, 12 e 14 do Pazo San Marcos.	1,00	5.900,00	5.900,00
MEDIA E BAIXA	-Poda de formación nas árbores nº 6, 15 e 16 do Fogar de Santa María, nas árbores nº 5, 6, 7, 8 e 9 do Museo e na árbore nº 13 do Pazo de San Marcos. Poda de formación e tratamento contra picudo vermello na palmeira nº 12 do Fogar de Santa María.	1,00	2.400,00	2.400,00
	* Inclúese a retirada e xestión de todos os restos xerados nos traballos.			
		IMPORTE		14.800,00 €
		IVE		3.108,00 €
		IMPORTE TOTAL		17.908,00 €

Por mor do anteriormente exposto e co obxectivo de poder desenvolver os traballos recollidos no informe técnico titulado "Plan de Xestión do arborado do Pazo de San Marcos, Museo Provincial e Fogar de Santa María" presentado polo Servizo de Medio Ambiente desta Deputación e que rexerá os traballos para o correcto mantemento do arborado das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo, Para minimizar os riscos inherentes ao arborado sobre as persoas e os bens materiais, propónse, á Xunta de Goberno que adopte os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobado o texto integro do informe técnico titulado "Plan de Xestión do arborado do Pazo de San Marcos, Museo Provincial e Fogar de Santa María".

**2º.-** Aprobado o orzamento dos traballos descritos no "Plan de Xestión do arborado do Pazo de San Marcos, Museo Provincial e Fogar de Santa María", por un importe total de 17.908,00 € (IVE 21% incluído). Con cargo a aplicación presupostaria 9200.212 do ano 2025

**3º.-** A Deputación adquire o compromiso de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 a cantidade indicada no anterior parágrafo, quedando supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	129/131



**7.- PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2023.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xullo de 2023, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 064 do sábado 18 de marzo de 2023.

CATEGORIA	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE
Actividade competitiva federada 2023	CLUB CICLISTA TORRE SAN VICENTE MONFORTE	CICLISMO

2º.- En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xullo de 2023 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2023.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	130/131





1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xullo de 2023, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.064 do sábado 18 de marzo de 2023, das entidades que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

CATEGORIA	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	Subvencion
Actividade competitiva federada 2023	CLUB ATLETISMO RIBADEO.NÚM.REX.-C09041	TRIATLON	1133
Actividade competitiva federada 2023	B.T.T. LAGOA DE COSPEITO	CICLISMO	1541

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### 9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan

#### 10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**

	IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY	Fecha y Hora	07/11/2024 14:18:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VVQINZM6C2SGO2XYMCA3TDY</a>	Página	131/131

